

## GANANCIA DE PESCADORES?

É coñecida publicamente ([rolda de prensa Ignacio F. Toxo, 24/10](#)) a posición de CCOO sobre o escándalo das tarxetas opacas en Bankia. O Sindicato realizou unha investigación interna, de cuxo resultado a Executiva Confederal estima adecuada a expulsión do sindicato -máxima sanción posible- das seis persoas coas devanditas tarxetas. Se ben no sistema de garantías dos nosos Estatutos son as respectivas Comisións Instrutoras as que deben tomar a decisión, a posición de CCOO é clara, contundente e transparente.

Á calor deste escándalo, un máis dos que afectan a partidos e institucións, que esta vez haxa implicadas persoas de CCOO desatou os demos electoralistas dos que non convencen coas súas propostas e pretenden gañar no río revolto da confusión. Para que esteas informado, sen prexuízos ou medias verdades, explicámosche algúns datos:

**A realidade** é que é unha torpeza ridícula que se mesture o episodio das tarxetas, durante as Presidencias de Blesa e Rato, co ERE de Bankia, negociado e asinado con Goirigolzarri, despois dunha importante mobilización, con resultados superiores á reforma laboral e co respaldo dunha amplísima maioría sindical. Simplemente, as datas non cadran.

**A realidade** é que a nosa acción sindical en Bankia, e nos órganos de goberno das outras Caixas onde participamos, nada ten que ver co abuso que consumaron unhas poucas persoas. As decisións sindicais non son persoais, tómanse en órganos colexiados e amplos, dentro da propia sección de Bankia, e co control de órganos superiores.

**A realidade** é que resulta moi torpe e case risible espaxar a insidia contra outras persoas que ocupan postos de responsabilidade no sindicato, e que por ser á vez traballadores de Bankia se lles pretende descualificar na súa actuación. Esas tarxetas, son 86, teñen nome e apelidos.

**A realidade** é que o acordo de 1996, polo que se produce o relevo na Presidencia, de Terceiro (PSOE) a Blesa (PP), é transparente, público e beneficioso para a sociedade madrileña e para os traballadores de Caja Madrid e non ten que ver en absoluto coas tarxetas, cuxo aumento de límites e falsa contabilización comeza anos máis tarde.

**A realidade** é que CCOO non podíamos coñecer o abuso que se estaba a realizar das tarxetas, presuntamente para gastos de representación, pola mesma razón que ningún empregado lle conta ao seu xefe como lle está a roubar material ou clientes. É doado de entender.

**En definitiva**, resulta perverso e á vez inxenuo, que se pretenda manipular a opinión, e máis agora ante as eleccións sindicais, aproveitando un engano a toda a sociedade, a Auditores internos e externos ou ao Banco de España, e do que resultan prexudicados clientes, cidadáns e a credibilidade do sistema financeiro. Os que nos sentimos máis estafados somos CCOO. Os máis de 120.000 Delegadas/vos que entregan a súa intelixencia e o seu compromiso na defensa dos intereses colectivos, de forma honesta e sempre preto de ti. Os 900.000 Afiliadas/vos que participan, colaboran e apoian a acción sindical de CCOO

Denúnciase a estafa, claro, pero o que se busca é desprestixiar a CCOO, que lidera a acción sindical do día a día, a proposta de solucións con saídas non traumáticas, con mobilizacións, contra a reforma laboral, nun ámbito moi convulso, xuntos Afiliados/ás e Delegadas/vos, e da que nos sentimos orgullosos. Non obstante, e en contraste, é que o intentan os que nunca conseguen un acordo, non obteñen garantías para os traballadores e traballadoras, porque non asinando pensan que eles se manteñen "virxes" -xa se mollará CCOO para resolvelo- pero en realidade resultan inútiles para a defensa dos intereses do conxunto do pesoal.

**Non nos van calar.** Non o lograron, nin o goberno do PP nin os empresarios, sentando no banco sindicalistas que participaron en folgas e piquetes, aos que a Fiscalía pide centos de anos de cárcere. Non o lograron coas campañas mediáticas antisindicais para impoñer unha reforma laboral infame. Tampouco agora, porque CCOO somos un conxunto de persoas organizadas, pero tamén con valores de honradez e eficacia. **NON NOS VAN CALAR.**

**CCOO interésache. Aflíate!**

28 de Outubro de 2014